

## ACTA DA REUNIÓN DO XURADO 1 DO I PREMIO VÍDEO-ENXEÑOS

Data: 13 de maio de 2022

Hora inicio: 11:05h, Hora fin: 11:20h

Lugar: via MS Teams.

Asistentes

Xosé Manuel Pardo López

David E. Losada Carril

María Isabel Vaquero

Na categoría de “Estudantes de mestrados do ámbito da enxeñaría informática (Big Data, CAP, Visión por Computador) ou do Doutoramento en Investigación en Tecnoloxías da Información” presentouse un único vídeo candidato e o xurado, atendendo á súa calidade técnica e lingüística, adoptou por unanimidade a decisión de concederlle un premio de 325€.

Na categoría de “Estudantes de Grao en Enxeñaría Informática” hai tres vídeos candidatos (“Introdución á Enxeñaría Informática”, “¿Qué é o Bitcoin?” e “Intelixencia Artificial”). O xurado atopa algunhas deficiencias no uso de linguaxe inclusivo no vídeo de “Introdución á Enxeñaría Informática”, así como algunhas imprecisións técnicas polo que opta por non concederlle premio. Por outra banda, aínda que ten algúns erros no uso da lingua galega, pola súa calidade técnica e visual, o xurado opta por unanimidade a decisión de concederlle o premio de 325€ ao vídeo “¿Qué é o Bitcoin?”. O vídeo “Intelixencia Artificial”, aínda que presenta un bo uso da lingua galega, ten algunhas deficiencias de son e a calidade dos elementos visuais é mellorable. O xurado toma por unanimidade a decisión de concederlle ao vídeo “Intelixencia Artificial” un accésit de 162,5€.

Santiago de Compostela, 13 de maio de 2022

David E. Losada Carril